



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### DECRETO DA ALCALDÍA

**Asunto:** DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO XURADO OFICIAL DO XXX CONCURSO DE NOVEIS DESEÑADORES DE MODA - MOSTRA DO ENCAIXE 2024.

**EXPEDIENTE:** 2023/A002/000004

De conformidade co disposto na Base 8ª das bases do XXX Concurso de Noveis Deseñadores de Moda, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 23 de agosto de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 168 do 4 de setembro de 2023, esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

ACORDA:

**Primeiro.-** Designar aos membros do xurado oficial que ditaminará o 1º, 2º e 3º premios de deseño e o premio á colección máis comercial do XXX Concurso de Noveis Deseñadores de Moda que terá lugar durante a XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas, quedando este integrado do seguinte xeito:

Presidente: Modesto Lomba Caneda, deseñador.

Vogais: Maria del Rosario Carrillo Bascoy, deseñadora.

Ana Álvarez Llera Cabranes, deseñadora.

Esteban Freiría Iglesias, deseñador.

Felipe Santamaría, deseñador.

Miriam Cartagena Sánchez, deseñadora

Francisco Basteiro Salgado, deseñador

Secretaria: Dª María Dolores Lema Mouzo, Directora da Mostra do Encaixe

**Segundo.-** Que o xurado se reúna para a súa constitución e para determinar os catro premios do XXX Concurso de Noveis Deseñadores de Moda, o próximo venres, día 29 de marzo de 2024, no recinto da Mostra do Encaixe.

**Terceiro.-** Publicar o presente decreto na páxina web do Concello de Camariñas e en medios de prensa.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública.